



## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía, Industria e Innovación

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Enerxía e Minas

*Resolución do 22 de febreiro de 2024, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Laxe (expediente IN407A 2023/193-1)*

**Resolución do 22 de febreiro de 2024, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Laxe (expediente IN407A 2023/193-1).**

Expediente: IN407A 2023/193-1.

Promotora: UFD Distribución Electricidad S.A.

Proxecto: “Modificado M1 ao proxecto para ampliación de potencia CT 15X575”.

Concello: Laxe.

#### Feitos:

1 O día 3.10.2023, a empresa promotora solicitou a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción do proxecto de execución da dita instalación de distribución eléctrica. Co obxecto de mellorar a calidade da subministración eléctrica no lugar de Serantes, concello de Laxe, proxéctase un aumento de potencia do centro de transformación CT Serantes (15X575, IN407A 2016/2577-1) de 25 kVA de potencia alimentado pola liña de distribución de media tensión LMT VIM803, procedente da subestación Vimianzo, instalando un novo transformador de 50 kVA.

Ao abeiro do artigo 123 do Real decreto 1955/2000, achegan memoria, planos e orzamento co proxecto de execución denominado “Modificado M1 ao proxecto para ampliación de potencia CT 15X575”, asinado o día 15.9.2023 por Victoriano González Lemos, enxeñeiro técnico industrial eléctrico con número de colexiado 2.980 de Vigo.

2 O proxecto non se someteu ao trámite de información pública, segundo o artigo 50 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021)

3 Consonte o artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, trasladóuselles unha separata do proxecto ás entidades afectadas, na parte en que a instalación puiden afectar a bens e dereitos ao seu cargo. A separata contén as características da instalación e a documentación cartográfica correspondente. Así, solicitouse o informe preceptivo ao Concello de Laxe, a Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. A empresa promotora manifestou a súa conformidade cos informes emitidos no prazo outorgado para ese efecto.

4 O día 28.12.2023 emitíuse o informe técnico.

#### Consideracións legais e técnicas:

Primeira. O xefe territorial é competente para resolver este expediente segundo o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; o artigo 41 do Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG núm. 126 do 04/07/2022), modificado polo Decreto 49/2023, do 19 de maio (DOG núm.98 do 25/05/2023) consonte coa disposición transitoria primeira do Decreto do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119 do 23/06/2023).

#### Segunda. Lexislación de aplicación

- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

- Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

- Real decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23.

- Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39 do 26 de febreiro).

#### **Terceira.** Características técnicas

As instalacións de alta tensión obxecto deste expediente están situadas lugar de Serantes, no concello de Laxe, e as súas características técnicas son as seguintes:

Repotenciación do CT Serantes (15X575, IN407A 2016/2577-1) de 25 kVA con relación de transformación de 20.000/400-230 V instalado en local de edificio e alimentado pola LMT VIM803, procedente da subestación Vimianzo. Novo trafo 50 kVA e retirada do existente. Substitución da porta actual por unha nova de maior tamaño para a instalación do novo trafo.

**Cuarta.** No expediente consta un informe favorable dos servizos técnicos desta xefatura territorial.

De acordo con todo o exposto,

#### **RESOLVO:**

1 Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción para a dita instalación de distribución eléctrica.

2 A instalación executarase no prazo dun ano, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

3 Para a posta en explotación da instalación autorizada, deberá achegar ante esta xefatura territorial unha solicitude coa cal xuntará a seguinte documentación:

- As declaracións de conformidade relativas ao material ou equipamento, e as certificacións ou homologacións, se procede.

- Un certificado do/a director/a da montaxe en que se garantirá o cumprimento das especificacións do proxecto e das prescricións complementarias, se as houber, así como das regulamentacións e normas oportunas na montaxe da instalación e posta a punto.

- Planimetría “as built” da instalación eléctrica en formato Shape.

4 Esta aprobación outórgase sen prexuízo doutras que sexan de aplicación segundo a lexislación vixente, en especial no relativo á ordenación do territorio e ao medio ambiente.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada perante a conselleira de Economía, Industria e Innovación no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor calquera outro recurso que consideren pertinente.

Mediante este documento notifícaselles aos interesados esta resolución, segundo o exixido no artigo 40.1 da dita Lei 39/2015.

A Coruña, 22 de febreiro de 2024

Isidoro Martínez Arca,

Xefe territorial

2024/1285